

A Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE)
e a Fundación SGAE convocan o

V CONCURSO SGAE PARA OBRAS DE JAZZ TETE MONTOLIU 2024-25

Co propósito de estimular e recoñecer a creación
dos compositores deste xénero

BASES 2024-25

- Concurso baixo plica
- Prémíase unha obra, non un autor

1. Poderán concorrer obras do xénero jazz (tradicional, be-bop, cool jazz, free jazz, contemporáneo, vangarda, fusión, etc.) creadas por compositores membros da SGAE sen límite de idade.
2. Cada compositor **poderá presentar unha única obra orixinal e inédita**, libre de calquera compromiso que condicionase a súa edición posterior despois de premiada. Ao ser unha obra orixinal, non se admitirán obras que utilicen fragmentos de obras alleas. As obras que inclúan de calquera forma ou maneira fragmentos de obras alleas serán descalificadas.

A obra presentada a concurso non poderá ter sido estreada, nin posta á disposición do público, nin difundida con anterioridade de ningún xeito ou maneira. A título enunciativo e non limitativo, non poderá ter sido usada en soportes audiovisuais, fonográficos ou posta á disposición do público en Internet, nin interpretada en concertos, nin sincronizada en obras audiovisuais, nin tampouco premiada noutro concurso nacional ou internacional.
3. Aceptaranse obras escritas por máis de un compositor, é dicir, en coautoría. Nese caso, e de ser premiada unha obra creada en coautoría, o importe económico do premio dividirase entre todos eles a partes iguais, agás acordo distinto entre os coautores, que deberá ser posto en coñecemento da FUNDACIÓN SGAE mediante escrito asinado por todos eles.
4. Poderase concursar con obras para **solista, dúo, trío ou cuarteto**, cunha combinación libre dos seguintes instrumentos:

Piano (1 intérprete)
Contrabaixo acústico ou baixo eléctrico (1 intérprete)
Batería / percusión (1 intérprete)
Guitarra
Saxo / clarinete / frauta
Trompeta
Trombón
Voz

A **duración** das obras non poderá ser inferior a **catro minutos** nin superior a **sete**. Este requisito será estritamente controlado polos organizadores antes de facilitarlle as obras ao xurado.

5. O concurso terá as seguintes fases:
- a) Exame das obras canto ao cumprimento da presentación de toda a documentación esixida e dos requisitos establecidos nas bases. Aqueles concursantes que non presenten a documentación conforme o previsto nestas bases e cuxa obra non cumpra os criterios de duración establecidos serán descualificados.
 - b) Exame das obras por un xurado cuxa composición se describe nestas bases.
 - c) Concerto final de presentación das obras finalistas os días 7 e 8 de novembro de 2024 no Teatro Central de Sevilla no marco do Ciclo de Jazz en novembro no Teatro Central.
 - d) A comunicación pública do resultado final do Concurso, asignación e entrega de premios Tete Montoliú realizarase o día 8 de novembro no Teatro Central de Sevilla no marco do Ciclo de Jazz en novembro no Teatro Central.

6. Co fin de preservar o anonimato dos concursantes, todos os materiais serán presentados incluíndo o título orixinal da obra e un lema (que deberá ser diferente do título da obra) e non indicarán o nome do(s) autor(es) en ningunha das súas páxinas.

As obras concursantes **deben enviarse nun sobre grande** que conteña:

- **Partitura (score) da obra presentada** con todo o modelo instrumental que se utilizou. **Non se deben enviar guións en substitución da partitura.**
- **Os materiais individuais (partichelas) correspondentes** aos instrumentos utilizados nos modelos escollidos para cada unha das obras.
- **Unha gravación** da obra presentada en memoria USB con son estéreo e un mínimo aceptable de calidade para a súa mellor escoita. Acéptanse gravacións de obras preferiblemente interpretadas por músicos en directo ou, na súa falta, reproducidas por medios electrónicos.
- **Un comentario** escrito, sobre a obra presentada (concepción ou motivación artística, estrutura ou partes en que se divide a obra, recursos rítmicos, harmónicos e tímbricos empregados, intención de combinar os instrumentos indicados no modelo, etc.).

Tendo en conta que as partituras finalistas serán utilizadas para a súa interpretación no concerto previsto na fase c) do concurso, os autores deberán preparar as anteditas partituras e os materiais co el maior grao de lexibilidade posible, en beneficio da propia obra e en consideración cos músicos que a interpreten.

No **sobre grande** tamén **se incluírá outro sobre máis pequeno** con idéntico lema e pechado, que conterá:

- a **ficha de inscrición** anexa a estas bases, debidamente cuberta.
- a **ficha de rexistro da obra na SGAE ou a declaración da obra presentada na SGAE que estea en trámite de rexistro.**
- **unha fotocopia do DNI ou pasaporte.**
- un **breve currículo** do(s) autor(es) que non exceda de vinte liñas.

Este **sobre pequeno** estará baixo estrito control dos organizadores, que disporán dos seus contidos só para efectuar as xestións loxísticas propias do concurso. Unicamente despois que outorgue os premios oficiais contemplados nestas bases, o xurado coñecerá a identidade dos gañadores para proceder a incluír os seus nomes na redacción da acta final.

A non inclusión dalgún dos materiais solicitados nestas bases anula automaticamente a participación da(s) obra(s) no concurso.

7. As obras poderán presentarse ata o **2 de setembro de 2024** por correo certificado, por servizo de mensaxería, ou por entrega persoal na Fundación SGAE (r/ Bárbara de Braganza, 7 - 28004 Madrid, España), ou en calquera das sedes e delegacións xerais da SGAE en España e no estranxeiro (www.sgae.es). Tamén cabe a súa presentación por vía telemática remitíndoas a: mnietot@fundacionsgae.org.

No caso de presentación da documentación por vía telemática, a organización do concurso procederá a asegurar o anonimato das obras presentadas por esta vía para que o xurado non coñeza a identidade dos participantes e se garanta así a neutralidade do xurado e a igualdade de oportunidades dos concursantes.

Concluído este prazo, só se admitirán aqueles envíos cuxa data, no cuño ou no resgardo da mensaxería, sexa anterior ou coincidente coa do peche da convocatoria. No caso de envío por medios telemáticos, admitiranse os que teñan data do 2 de setembro ata as 23:59 horas (CET) dese día.

8. **A análise do xurado** fundamentarase na **orixinalidade creativa das obras, risco, calidade, achega ou innovación** respecto dos procedementos melódicos, tímbricos, estruturais, harmónicos e contrapuntísticos propios do estilo e xénero, así como polo equilibrio instrumental de acordo cos formatos convocados; tamén pola súa comunicación co receptor e pola transmisión efectiva do seu contido expresivo.

Os solos instrumentais que indique o autor na partitura para lucimento dos músicos como improvisadores **non serán tomados en conta polo xurado como material principal de análise**, pero valorarase artisticamente a súa inserción no contexto xeral da obra.

9. De entre todas as partituras aceptadas, un xurado, designado polo Grupo de Traballo de Jazz da SGAE e pola Fundación SGAE, e composto por cinco (5) membros elixidos entre destacados compositores, intérpretes e expertos en jazz, escollerá as obras finalistas e outorgará os premios. Ningún dos membros do xurado poderá pertencer, a súa vez, ao Grupo de Traballo de Jazz da SGAE nin ao Padroado da Fundación SGAE.

A decisión do xurado darase a coñecer antes do 7 de outubro de 2024.

10. A **decisión** do xurado será inapelable e os premios serán repartidos de acordo co estipulado nas presentes bases. O xurado poderá declarar o concurso total ou parcialmente deserto. De igual modo, se o xurado proclamase algún dos catro premios principais con carácter *ex aequo* (compartido), os gañadores dese premio percibirán a contía deste repartida entre todos eles a **partes iguais entre o número de gañadores**.

11. Os compositores galardoados con algún dos catro premios principais recibirán unha dotación económica en euros da seguinte orde:

	Primeiro premio	6.000 euros
	Segundo premio	3.000 euros
	Terceiro premio	1.500 euros
	Cuarto premio	1.200 euros

De acordo coa lexislación vixente en España, os premios estarán sometidos a tributación, tanto para españois como para estranxeiros, independentemente de que os gañadores residan dentro ou fóra do territorio español.

12. Os autores cuxas obras resulten premiadas comprometeranse a mencionalo nas exhibicións, execucións públicas ou en calquera outro acto de comunicación destas, apuntando o premio que obteñan neste concurso. Para estes efectos, subscribirán coa Fundación SGAE un documento con este compromiso como requisito previo ao cobramento do premio.

13. Toda a documentación relativa ás obras enviadas que non sexan premiadas conservarase só, como máximo, ata os trinta (30) días seguintes á data na que o xurado adopte a súa decisión. Atenderanse dentro dese período ás devolucións expresamente solicitadas. Pasado o prazo sinalado, a documentación e os materiais destruíranse.

14. Os compositores participantes eximen a SGAE e a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou dalgunha outra transgresión da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual na que puidesen incorrer coa súa obra.

15. Polo feito de concorreren a esta convocatoria, os compositores que concursen deberán aceptar integramente as bases do premio, así como as decisións do xurado. No caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como os organizadores do premio deberán someterse á xurisdición dos tribunais de Madrid capital (España) e considerarse como oficial o texto en castelán.

V CONCURSO SGAE PARA OBRAS DE JAZZ TETE MONTOLIU 2024-25

FICHA DE INSCRICIÓN¹

Título da obra: _____

Lema co que se presenta: _____

Formato (marcar cunha cruz): ☐ Solista ☐ Dúo ☐ Trío ☐ Cuarteto

Nome(s) e apelidos *: _____

(*) No caso de que a obra teña máis de un autor, deberá acompañarse un anexo ou unha fotocopia desta mesma ficha cuberta por cada un con todos os datos solicitados.

DATOS PERSOAIS

Socio SGAE Nº: _____ Enderezo: _____

Código postal: _____ Localidade: _____

Provincia: _____ País: _____

Tel.: _____ E-mail: _____

Sinatura: _____

¹ Coa sinatura da presente ficha de participación o solicitante autoriza á **Fundación SGAE** para o uso dos seus datos persoais para a realización de todas as xestións que resulten necesarias para a súa participación no concurso.

A **Fundación SGAE** é unha entidade sen ánimo de lucro constituída conforme ao dereito español baixo a forma xurídica dunha fundación e que está debidamente inscrita no Rexistro de Fundacións co número 314. Ten o seu domicilio social na rúa Bárbara de Braganza nº 7 e está dotada de CIF nº G-81624736.

Entre os seus fins está a promoción de obras musicais e dos autores destas (compositores e letristas), a promoción cultural das obras para a súa revalorización e difusión, e a defensa dos dereitos morais dos socios da **SGAE**. Para iso realiza, entre outras actividades, a convocatoria de axudas, premios, concursos, festivais e actividades de formación e difusión dos dereitos de autor, así como todos os actos de xestión e administrativos necesarios para levalas ao efecto.

O/A SOLICITANTE DECLARA QUE COÑECE E ENTENDE que coa sinatura deste documento **AUTORIZA** a que os datos facilitados no presente documento se incorporen nun ficheiro da **Fundación SGAE** e que se empregarán única e exclusivamente para a xestión da súa participación neste concurso e para remitirle información periódica sobre a actividade da **Fundación SGAE**.

Con este formulario, **CONSENTO EXPRESAMENTE** que os meus datos se empreguen para estes fins. Así mesmo, conforme ao Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a Lei Orgánica 3/2018, do 05 de decembro, **SON COÑECEDOR/A** de que podo facer uso dos meus dereitos de oposición, acceso, limitación, supresión, rectificación e portabilidade, e do dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, enviando unha comunicación por escrito xunto co meu nome, apelidos, enderezo, fotocopia do DNI, indicación do dereito exercitado e motivo da solicitude ao seguinte enderezo de e-mail: informacion@fundacionsgae.org. Así mesmo, **ESTOU INFORMADO/A** de que podo presentar as miñas reclamacións perante a Axencia Española de Protección de Datos.

A **Fundación SGAE** manterá os datos que facilita o/a concursante namentres este/a desexe recibir información das actividades da **Fundación SGAE** e non revoque a mencionada autorización notificándoo na debida forma á **Fundación SGAE**.



fundación  sgae

